

**VI. ANUNCIOS****B) ADMINISTRACIÓN LOCAL****CONCELLO DO PORRIÑO**

*ANUNCIO referente á convocatoria e ás bases de estabilización do emprego temporal para prover varias prazas (OEP de 2019).*

No *Boletín Oficial* da provincia de Pontevedra número 245, do 26 de decembro de 2022, publicáronse integramente as bases que regulan as convocatorias de diversos procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización do emprego temporal, recollidas na oferta de emprego público para a estabilización do emprego temporal do exercicio 2019, aprobada pola Resolución da Alcaldía número 2019-0521, do 16 de marzo, publicada no DOG número 100, do 28 de maio, modificada pola Resolución número 2020-1375, do 31 de xullo, publicada no DOG número 252 do 16 de decembro, e pola Resolución número 2022-1104, do 11 de maio, publicada no DOG número 100, do 25 de maio, que a seguir se relacionan:

Prazas de persoal laboral:

Código RPT	Denominación/categoría	Grupo laboral	Sistema selectivo
07.01.00.03	Psicólogo/a en servizos sociais	I	Concurso
07.01.00.01	Traballador/a social en servizos sociais	II	Concurso
07.01.00.04	Auxiliar administrativo/a en servizos sociais	IV	Concurso
07.01.00.06	Profesor/a EXB en servizos sociais-Plan nacional desenvolvemento xitano	II	Concurso
07.01.00.05	Administrativo/a en servizos sociais-Plan nacional desenvolvemento xitano	III	Concurso
07.02.00.01	Director/a CIM-Asesor/a xurídico/a	I	Concurso
07.02.00.02	Psicólogo/a do Centro de Información á Muller	I	Concurso
11.00.00.02	Psicólogo/a clínico/a da Unidade Asistencial de Drogodependencias	I	Concurso
11.00.00.03	Traballador/a social da Unidade Asistencial de Drogodependencias	II	Concurso
11.00.00.05	Auxiliar administrativo/a da Unidade Asistencial de Drogodependencias	IV	Concurso
11.00.00.04	Auxiliar de clínica da Unidade Asistencial de Drogodependencias	IV	Concurso
04.01.00.05	Enxeñeiro/a técnico/a industrial	II	Concurso



Código RPT	Denominación/categoría	Grupo laboral	Sistema selectivo
08.00.00.03	Auxiliar administrativo/a da Oficina Municipal de Información Xuvenil	IV	Concurso
01.03.00.07	Telefonista	V	Concurso
08.00.00.05	Auxiliar administrativo/a de animación social	IV	Concurso

O prazo de presentación de solicitudes será de vinte (20) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no *Boletín Oficial del Estado*.

Os sucesivos anuncios deste proceso selectivo, cando procedan, realizaranse na forma prevista nas propias bases.

O Porriño, 26 de xaneiro de 2023

Manuel Alejandro Lorenzo Alonso  
Alcalde

